| - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.<br>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.<br>- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.<br>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.<br>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. |

| Contidos |
| --- |
| - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.<br>- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.<br>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER), anímase aos alumnos/as a organizar e expresar as súas propias ideas, experiencias e opinións a través de tarefas de expresión escrita e oral e a avaliar as súas propias habilidades lingüísticas segundo as van traballando ao longo do curso. Ao rematar o ano académico, un alumno/a de 1bach será competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1+, é dicir, un usuario independente que:
- É capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do seu campo de especialización;
- pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte dos interlocutores;
- pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

Para lograr o anteriormente dito, inspiraremos o noso traballo nas seguintes bases metodolóxicas:

1. O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos. Por iso, partindo das habiliadades lingüísticas que o alumanado adquiriu na ESO, en Bacharelato primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e logo, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico que nos marcamos.

2. A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só han de adquirir uns coñecementos, senón que han de ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida; contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer.

3. Aprendizaxe baseada na actividade. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

4. Aprendizaxe colaborativa. Os/as alumnas traballarán individualmente ou por parellas na aula, pero tamén deben aprender a traballar en grupo. Ao longo do curso realizarán diferentes actividades destinadas a fomentar o traballo colaborativo ( role-plays, presentacións orais, proxectos en grupo).

5. Os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso os materiais están deseñados para seren utilizados con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e encontren actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes. Debe existir sempre un apoio para aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese polalingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no libro de texto ou Student's Book. Están incluidas no Teacher's Guide do libro de texto e outras tamén poden atoparse na web.

6. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. Estes erros corrixiranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir os erros que non sexan relevantes para o proceso de ensino-aprendizaxe.

7. A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade deste; As follas de avaliación fotocopiables, rúbricas, etc. permiten ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno.

8. A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Para iso ofrécense actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo alumno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, Música e demais.

9. Unha aprendizaxe permanente. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en diversas situacións reais de comunicación). A aula virtual servirá como ferramenta de apoio onde o alumnado poderá encontrar material de repaso e ampliación para seguir aprendendo tamén fóra da aula.

10. Aprendizaxe autónoma. Estas son as estratexias que desenvolvemos en cada destreza comunicativa para fomentar a aprendizaxe autónoma do alumnado:

- Reading (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras chave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto.

- Listening (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica;
inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.
- Speaking (produción oral): estratexias de elaboración e mediación que facilitan a interacción na aula tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.
- Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección, mediación, o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes.

En canto ao tipo de actividades utilizadas na aula. Cada sesión organizarase do seguinte xeito:

a) Actividades de inicio de lección (warm-up): trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facera través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos ou material audiovisual, por exemplo.
b) De desenvolvemento da lección: Abarca diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:
-O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (Vocabulary).
-A lectura e comprensión de textos (Reading).
-As estruturas gramaticais (Grammar).
-Os sons estudados (Pronunciation).
-A comprensión e a expresión oral da lingua en todas as súas vertentes (Listening and Speaking).
-A comprensión e a expresión escrita (Writing).
c) De reforzo e ampliación (follow-up): debemos ter en conta que en toda clase hai alumnos/ás con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación. O obxectivo é que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que encaixe co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
d) De desenvolvemento de Competencias Clave: inclúense nas sesións algunhas actividades que contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias clave (role-plays, actividades interactivas, actividades baseadas en distintos soportes, actividades de investigación ou estudos de casos, actividades en grupo, interpretacións de datos, gráficas, etc., textos culturais, cancións, etc.; actividades nas que se traballan as emocións, etc.).

Os tipos de texto máis usuais utilizados en Bacharelato son artigos de revistas, textos informativos, narrativos e culturais, extractos de libros, poemas e historias breves. As estratexias de lectura centraranse en desenvolver a autonomía dos estudantes, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada, etc.). Os textos serán máis especializados, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de promover nos alumnos/as o aprecio da lectura como fonte de información, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida, e fomentarase unha actitude receptiva e respectuosa á vez que crítica ante a información que transmiten os devanditos textos. en canto ás destrezas orais, Bacharelato os alumnos/as deben ser quen de comprender a información transmitida polo seu interlocutor/a, independentemente do acento que este teña, e ser capaces de participar en conversacións nas que hai que narrar, describir, informar e transmitir ideas e opinións de maneira clara e ordenada, utilizando estratexias de comunicación e compensación que aprenderon na ESO. No tocante á produción, búscase o desenvolvemento dunha actitude crítica. A complexidade acharase non só na extensión e os conceptos expresados, senón tamén nas habilidades comunicativas utilizadas. Por tanto, en Bacharelato os textos terán un carácter cada vez máis complexo, aínda que sempre dentro da realidade persoal e académica do alumnado. As producións incluirán desde cartas ou correos electrónicos informais ou formais ata textos narrativos, de opinión, argumentativos, informativos e descritivos ou biografías. Os alumnos/as deberán progresar na utilización das estruturas gramaticais, mostrando así un grao de madurez sintáctica maior que na ESO. Esta madurez comporta o uso correcto dalgunhas oracións subordinadas e marcadores do discurso, a ampliación do léxico receptivo e produtivo, e o desenvolvemento de procesos de autocorrección.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aulas 2, 3 e 4 |
| Aula virtual |
| Aula de Informática |
| Proxector e pantalla |
| Biblioteca con libros de lectura (graded readers) |
| Encerado dixital |
| Libro de texto 1ºBAC: Outlook 1- Student's Book |
| Xogos: story cubes, taboo, black stories, ruletas, etc. |
| Xogos online: Wordshake, Educaplay, Kahoot, Bamboozle, quizlet e Wordwall |
| Páxinas web: British Council, BBC Learning English, Film English, vídeos de YouTube |
| Libros adicionais: Michael Vince. First Certificate Language Practice; Oxford English File |

As aulas utilizadas para as clases de Inglés contan con encerado dixital, encerado de xiz, computador portátil conectado ao proxector e dous altavoces. O libro de texto elixido para 1ºBAC é Outlook 1: Student's Book da editorial Burlington. O libro complementarase con outros recursos obtidos de páxinas web, con xogos online e físicos (dispoñibles no Departamento de Inglés) e outros libros como o English File ou First Certificate Language Practice de Michael Vince.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun pre-test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Dito test conterá actividades de comprensión escrita, de gramática e de expresión escrita. Para a expresión oral, terase en conta a observación na aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **33** | **33** | **34** | **100** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | **70** |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | **30** |

**Criterios de cualificación:**

Tendo en conta o carácter da materia, cun proceso de ensino cíclico e acumulativo, levarase a cabo un sistema de avaliación continua. Desta forma os contidos iranse acumulando dunha proba na seguinte e a materia non superada nunha avaliación previa pódese dar por aprobada unha vez superada a seguinte. En todo caso o que interesa é o progreso de cada alumno, o traballo diario, a marcha regular do curso e o sentido da avaliación continua, potenciando a cualificación diaria do traballo na clase como elemento fundamental e base do aprobado.
Teranse en conta os seguintes aspectos á hora de avaliar:
-Aproveitar e asistir regularmente a clase, participando activamente e cunha actitude positiva cara á aprendizaxe.
-Uso da lingua obxecto de aprendizaxe na aula.
-Traer a clase o material necesario e utilizalo seguindo as indicacións do profesor.
-Realizar un traballo continuado, facendo os exercicios e tomando apuntes de xeito organizado e limpo no caderno.
-Facer os exercicios e traballos pedidos polo profesor, entregándoos no prazo establecido.
-Efectuar os traballos individuais ou en grupo indicados polo profesor, aportando e compartindo ideas e coñecementos cos demais.

Para avaliar ao alumnado da adquisición dos contidos e a consecución dos obxectivos propostos, o profesor poderá realizar varias probas orais e escritas, sempre con previo aviso. Normalmente haberá, como mínimo, un exame final por trimestre (poderá haber algunha proba máis, dependendo do ritmo do curso e das necesidades do grupo de alumnos/as). No caso de que o alumno/a non asistise a clase o día de celebración de devanditas probas, estas repetiranse só no caso de que a ausencia estea debidamente xustificada (enfermidade con xustificante médico, citas médicas, causas de forza maior. etc.). En caso contrario, ao ser a avaliación continua, formativa e sumativa, teranse en conta todos os demais instrumentos de avaliación para a cualificación trimestral da área. Cada un dos instrumentos que se van ter en conta á hora de avaliar aos alumnos e alumnas terán un valor determinado dentro da nota da avaliación:

1º BACH:

Active Participation and Daily Work + Projects and Tasks: 15%
- Active Participation + Classwork: 5%
- Projects / Tasks / Essays: 10%
Oral skills: 30%
- Listening skills: 15%
- Speaking skills: 15%
Written skills: 30%
- Reading: 15%
- Writing: 15%
Use of English (Grammar and Vocabulary): 25%

O aprobado obtense cando a nota media final (tendo en conta as porcentaxes correspondentes) acadada é igual ou superior a 5.

Outros aspectos importantes:
- Para as cualificacións, os decimais serán redondeados á alza ou baixa tendo en consideración a participación activa no desenvolvemento das diferentes actividades, a realización das tarefas da casa e de clase requiridas polo profesor ao longo do trimestre, a entrega de redaccións e outros exercicios e ao uso que faga o alumno da lingua inglesa durante as clases. Estes criterios de avaliación só se aplicarán naqueles casos nos que o alumno asista regularmente a clase. De non ser así, só se tería en conta o exame final.

- Os exames escritos e as tarefas entregadas polo alumnado deben ter unha presentación clara e limpa, que respecte as normas básicas e ortográficas dun escrito: evitando faltas de ortografía, facendo uso correcto das maiúsculas e dos signos de puntuación, deixando as marxes correspondentes, escribindo con boa letra para evitar ambigüidades. En exercicios de exame nos que o erro sexa moi significativo (minúsculas a principio de frase, en países e nacionalidades, días da semana, meses do ano, etc.; falta de signos de interrogación ao final da frase, ou spelling mistakes que impidan a comprensión do escrito) restarase a metade da puntuación establecida no exercicio.
- Os erros continuos de pronunciación que dificulten ou impidan a comunicación serán tidos en conta de forma negativa na puntuación final do exercicio.
- A non participación nas actividades propostas na aula terá unha consideración negativa na cualificación de ditos exercicios.
- A non presentación de traballos dentro do prazo establecido implicará unha nota nula.
- A presentación de traballos ou exercicios non orixinais, plaxiados ou copiados implicará unha nota nula.
- Se algún alumno/a copia nun exame, dito exame será anulado; podendo contar para a nota final só a nota das outras probas e do traballo diario.

AVALIACIÓN FINAL
A nota da convocatoria final será unicamente a obtida nas probas finais. O alumnado será informado dos contidos que debe preparar para a proba final.

- Listening: 20%
- Speaking: 20%
- Reading: 20%
- Writing: 20%
- Use of English: 20%

**Criterios de recuperación:**

1) A avaliación será continua e teranse en conta todos os materiais avaliados durante o curso ademais da nota acadada nas probas finais de trimestre, agás nas convocatorias finais onde a cualificación será únicamente o resultado das probas.
2) Dado que a avaliación é continua, quen aprobe a terceira avaliación, aproba a materia.
3) Se a nota media ponderada das tres avaliacións fose menor de cinco e o/a alumno/a tivera aprobada a terceira avaliación, considerarase que aproba con nota de 5.
4) A nota media final superior ao aprobado terá en conta non só a terceira avaliación, terá en conta a primeira e a segunda para facer a nota media ponderada.
5) Coa terceira avaliación suspensa é posible aprobar, sempre que a media ponderada das tres avaliacións sexa igual ou superior a un 5, e a nota será un 5.
6) O exame da convocatoria final constará de 5 partes: listening, speaking, reading, writing e use of English.
7) Na convocatoria final de xuño o aprobado obtense cando a nota do exame é igual ou superior a 5.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No primeiro curso de bacharelato o alumnado promocionou sen materias pendentes. Porén, ao principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial (ver punto 5.1.) para analizar o nivel de coñecemento lingüístico do alumnado e detectar posibles dificultades. Así mesmo, durante o trimestre levaranse a cabo diferentes probas que nos permitirán monitorizar os avances do/a alumno/a e adaptar o proceso de ensino/aprendizaxe as súas necesidades. O alumnado que teña dificultades para adquirir os novos contidos ou un desfase académico notable recibirá material de apoio (mediante fichas ou actividades de reforzo na aula virtual).

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Os/as alumnos/as realizarán as probas escritas e/ou orais deseñadas por este departamento para acreditar que adquiriron os coñecementos correspondentes a 1º de bach.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida tomamos en conta tres ámbitos de diversidade:
- A capacidade para aprender:
Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materia de ampliación para os de nivel máis avanzado.
- Os estilos de aprendizaxe:
Seguindo a teoría das intelixencias múltiples proposta por Gardner, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe (lingüístico, lóxico-matemática, visual, espacial, musical, interpersonal, etc.). Así, un mesmo contido é presentado desde diferentes puntos de vista (por exemplo, a través dunha canción, unha presentación en PowerPoint, unha táboa de datos, etc) para que todos os tipos de estudantes teñan as mesmas oportunidades de adquirilo de xeito satisfactorio. Ademais, desde a primeira unidade, promovemos a reflexión dos alumnos/as, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén identifiquen o estilo de aprendizaxe que vai máis con eles e poñan en práctica as estratexias que lles axuden a aprender de maneira máis efectiva.
- A motivación para aprender e os intereses do alumnado:
A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos se desenvolven. Ademais, os intereses dos alumnos/as diversifícanse moito máis en Bacharelato. Tendo en conta estes factores, seleccionaranse temas que fan posible a implicación emocional dos alumnos/as dado que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estimulo está asegurada. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría. Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para manter conversacións informais, escribir correos electrónicos, entender aos mozos/as da súa idade doutros países, etc.

Pautas a seguir co alumnado NEAE:

No caso dos alumnos con TDAH, seguindo o protocolo da Consellería de Educación, teranse en conta as seguintes recomendacións, que poderán ser modificadas ao longo do curso en función das características deste alumnado:

A) No que respecta á aula tomaranse as seguintes medidas:
-O alumno/a estará situado na parte dianteira da clase, cerca da mesa do profesor. É importante ter proximidade física co rapaz.
-Estar sempre pendente de que atende ás explicacións.
-Tentar que enriba da mesa só estean os materiais necesarios, os cales os deberá recoller ao finalizar a clase.
-Manter un ambiente motivador cara o alumno, controlando sempre o ambiente de clase evitando distraccións.
B) No que respecta ao currículo tomaranse as seguintes medidas:
-Tentar dar as explicación de forma clara e o máis breve e directa posible, tentando captar a atención do alumno.
-Tentar que o alumno participe nas dinámicas de clase.
-Se o profesorado da materia o considera oportuno, e a dispoñibilidade horaria o permite, recibirá algunhas horas de apoio educativo por parte do profesorado de Pedagoxía Terapéutica do centro.
C) No que respecta ás actividades na clase tomaranse as seguintes medidas:
-Alternaranse actividades teóricas con traballo práctico.
-Non se lle proporán actividades moi longas nin gran cantidade delas. Tentarase variar as mesmas.
-Supervisar as actividades e reforzar positivamente o seu traballo cando sexa necesario.
-Cando se formen grupos de traballo, tentarase xuntar ao alumno con compañeiros que lle poidan axudar a comprender mellor as tarefas a realizar.

D) No que respecta ás actividades na casa tomaranse as seguintes medidas:
-As actividades serán máis reducidas, tentando na medida do posible fragmentalas.
-Non se lle sobrecargará de tarefas tentando seleccionar aquelas que sexan máis importantes.
-Os exercicios serán supervisados asegurándose de que entendeu aquilo que non conseguiu facer.
E) No que respecta ás probas escritas tomaranse as seguintes medidas:
-Os exames escritos non serán moi longos e presentarán preguntas breves e claras ademais dalgún debuxo ou esquema.
-Se observamos que deixa preguntas en branco, tentar completalas de forma oral co propio alumno.
-Se fose necesario deixaráselle máis tempo para os exames e, cando o profesor o estime oportuno polo tipo de proba, dividiranse en dúas sesións sendo flexibles na súa duración.
-Deixarase suficiente espazo entre as preguntas.
-Solicitarlle que revise o exame antes de entregalo.
-Permitiráselle recuperar durante a avaliación aqueles exames que ten suspensos.
F) No que respecta á axenda tomaranse as seguintes medidas:
-Trátase dun instrumento moi útil e polo tanto será supervisado diariamente polo profesorado e polas familias.
-Utilizarase tamén para mencionar tanto os aspectos positivos como aqueles que hai que mellorar.
-Nela virán reflectidos tanto as tarefas diarias, como os libros de lectura e os exames que ten que realizar ao longo do curso.
G) Outras medidas:
-O Titor, coa axuda do Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, realizará un seguimento mensual dos progresos e dificultades do alumnado. Para tal fin, o profesorado cubrirá a folla de seguimento especificando claramente distintos aspectos como: atención, traballo na aula, traballo na clase, probas escitas, traballos entregados e aspectos sociais salientables.
-Co fin de poder comunicar as conclusións do punto anterior, manteranse entrevistas regulares coa familia para intercambiar información sobre os progresos tanto sociais como académicos, e para poder tratar as dificultades atopadas.
No caso dos alumnos con TDAH teranse en conta as seguintes recomendacións:
- O alumno/a estará situado na parte dianteira da clase, cerca da mesa do profesor.
- Resaltar os puntos e as ideas clave dos exercicios, empregando unha letra e un tamaño que faciliten a lectura.
-Empregar apoios visuais que faciliten a comprensión.
-Asegurarse de que o alumnado entende as tarefas. Sería adecuado variar o formato e dividir as tarefas en distintas seccións.
-Proporcionar instrucións claras e concisas.
-Valorar os traballos polo seu contido, máis que pola forma.
-Darlle tempo adicional para realizar as tarefas.
-Adaptar os libros de lectura ao seu nivel lector.

No caso do alumnado con diversidade funcional auditiva, seguindo o protocolo da Consellería de Educación, tomaranse as seguintes estratexias:
- Sentar o/a alumno/a en primeira fila.
- Adaptar a avaliación ao nivel lingüístico do alumno: empregando o léxico traballado na aula, formulando preguntas de maneira directa, acompañando con imaxes, simplificando os enunciados.
- Proporcionar, na medida do posible, a información por escrito e con apoio visual.
- Adaptar a avaliación ao sistema de comunicación empleado polo/a alumno/a. No caso da proba de comprensión oral, o/a alumno/a fará a proba cun ordenador e cascos. De ter moitas dificultades para entender o audio, a nota de comprensión oral non se terá en conta e avaliaranse só as outras destrezas.
- Contar coa colaboración, si é preciso, da persona interprete de lengua de signos ou do profesorado de apoio.
- Asegurarse sempre de que comprende o que se quere valorar.

No caso de detectar outras necesidades ao longo do curso, traballarase en colaboración co Departamento de Orientación para elaborar as medidas oportunas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.2 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.5 - Fomento de espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | | X | |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X |
| ET.9 - Educación de calidade | X | X | X |
| ET.10 - Saúde e benestar | | X | X |
| ET.11 - Fin da pobreza | | X | X |
| ET.12 - Produción e consumos responsables | | X | |
| ET.13 - Vida e ecosistemas terrestres | X | | X |
| ET.14 - Traballo decente e crecemento económico | X | | X |
| ET.15 - Acción polo clima | | | X |
| ET.16 - Paz, xustiza e institucións sólidas | | | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| CLUB DE CIENCIAS: | A nosa colaboración co club de ciencias é participando nunha sección de papiroflexia, estreitamente relacionada coas matemáticas. Parécenos unha boa oportunidade para traballar contidos de forma transversal e, ao mesmo tempo, lúdica. Empezaremos con figuras moi sinxelaspara que o alumnado aprenda as formas básicas e, sempre que sexa posible, as relacionaremos tamén coas distintas festividades ou efemérides (Samaín, Nadal, Entroido, Día do Libro, etc.). | X | X | X |
| ENGLISH SPEAKING CLUB: | Proporáselle ao alumnado de ESO e Bacharelato a participación nun obradoiro de inglés coordinado por Beatriz Bautista, a nosa auxiliar de conversa para este curso. Esta actividade terá lugar durante algún recreos na aula 11 (aula materia de inglés). Este club será unha oportunidade moi interesante para o alumnado, pois terá a opción de poder falar de forma distendida, fóra do ámbito académico, cunha falante nativa do idioma. | X | X | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A programación didáctica adecúase ao contexto da aula (totalmente - parcialmente - non conseguido). |
| Alcanzáronse os obxectivos da materia/ parte dos obxectivos/ non se alcanzaron os obxectivos establecidos para este curso. |
| Desenvolvéronse as competencias/parte das competencias/non se desenvolveron as competencias relacionadas con esta materia. |
| Os resultados da avaliación nesta materia foron moi satisfactorios/ moderados/ non satisfactorios. |
| Metodoloxía empregada |
| A práctica docente foi satisfactoria/ parcialmente satisfactoria/non satisfactoria. |
| Os materiais e recursos didácticos foron completamente/parcialmente/non axeitados. |
| Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro (totalmente- parcialmente - non contribuíron). |

| Medidas de atención á diversidade |
|---|
| Adoptáronse/identificáronse/ non se adoptaron medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos. |
| Adoptáronse/identificáronse/ non se adoptaron medidas de atención á diversidade axeitadas. |
| Estableceuse/iniciouse/non se estableceu un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten. |
| A distribución dos espazos e tempos foron adecuados/parcialmente adecuados/non adecuados/ aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados. |
| **Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais** |
| Traballáronse os temas transversais na materia (todos - a maioría - ningún). |
| Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente/identificáronse os puntos para o deseño de programas de mellora/ non se deseñaron programas de mellora. |

**Descrición:**

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación os indicadores de logro e os elementos a avaliar ( de maior a menor grao de consecución).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As reflexións que se produzan e conclusións que se desprendan de toda esta avaliación da nosa programación didáctica, veranse reflectidas na Memoria Final do Departamento de Inglés. Será entón cando se avalíen os resultados acadados, a práctica docente, a coordinación interna do departamento ao que pertence a materia de inglés, así como calquera outro aspecto didáctico ou académico que consideremos pertinente, ao noso xuízo ou á instancia de Xefatura de Estudos.
O proceso de autoavaliación concretarase en diferentes ámbitos:
1. As reunións da xunta de avaliación, nas que se producen intercambios de impresións con compañeiros das distintas áreas sobre, por exemplo, capacidade do alumnado, circunstancias persoais ou distribución na aula.
2. Reunións mensuais de departamento para valorar aspectos como o seguimento da programación, rendemento do alumnado, materiais utilizados, participación en proxectos transversais, etc.
3. Elaboración de cuestionarios dirixidos ao alumnado, destinados a extraer información que nos permita valorar a nosa práctica docente e non só para concretar a adquisición de coñecementos, senón principalmente sobre o adecuado do proceso. Nestes cuestionarios recollerase información sobre aspectos tales como:
- Temporalización e secuenciación.
- Materiais.
- Metodoloxía
- Adecuación da agrupación.
- Suxestións.

## 9. Outros apartados